

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN POSTO DE PEÓN FORESTAL AO ABEIRO DA ORDE DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 (APROL RURAL) (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 17 do 24 de xaneiro de 2024).**

En Meis, Dna, Marta Giráldez Barral Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Vista a Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 26 de abril de 2024, ao abeiro da *Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 17 do 24 de xaneiro de 2024)*, o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal, durante 9 meses, a xornada completa, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego\_Modelo 405, dun peón forestal para a obra/servizo **REVALORIZACIÓN FORESTAL**, para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesaria para a súa inserción laboral.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, da contratación dunha persoa desempregada, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e que estea dispoñible para o emprego.
2. A ocupación a ofertar será a de un peón forestal (código 9543), con carácter de laboral temporal durante nove meses a xornada completa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA MARXE

